

EXAME PENDENTES  
EDUCACIÓN PLÁSTICA E  
VISUAL 3º ESO  
CURSO 2013-2014  
CONVOCATORIA  
ORDINARIA

NOME E APELIDOS:	NOTA	Nº
CURSO:		



1) ATOPA AS 10 DEFINICIÓNS AXEITADAS PARA OS SEGUINTE CONCEPTOS XEOMÉTRICOS: iollo hai dúas definicións que son falsas! Puntuación Máxima: 4 puntos (0,50 puntos por definición correcta)

- |                     |                      |
|---------------------|----------------------|
| A) CADRANTE         | F) TEOREMA DE THALES |
| B) TRASLACIÓN       | G) XOGO DE ESCADROS  |
| C) SIMETRÍA CENTRAL | H) ÁNGULO OBTUSO     |
| D) SIMETRÍA AXIAL   | I) SEGMENTO          |
| E) POLÍGONO REGULAR | J) BISECTRÍZ         |

- É a relación que existe entre dúas figuras, ou entre os puntos dunha figura que se corresponden en posición, forma e dimensións dun a outro lado dunha recta chamada eixe de simetría.
- É unha porción de plano limitada por dúas rectas que se cortan dous a dous. Ós puntos onde se cortan as rectas son os vértices. Chamamoslle así á figura plana que está formada por lados e ángulos iguais. Pódese construír a partires da circunferencia ou do lado.
- Cando un Feixe de rectas converxentes é cortado por outro de rectas paralelas, determinanse segmentos proporcionais. Este método xeométrico permítenos dividir un segmento en partes iguais, sen necesidade de empregar a calculadora.
- É unha transformación xeométrica na que unha figura dada rota ou xira un ángulo determinado respecto a un punto chamado eixe de xiro ou "centro de simetría"
- Consiste no desplazamento dunha forma nunha certa dirección, axudandonos das liñas paralelas e dun vector. Deste xeito consíguese unha figura idéntica á orixinal, máis desplazada.
- É unha das catro partes nas que pode quedar dividida a circunferencia, ten un ángulo de  $90^\circ$ . Sumando os catro obteremos o ángulo completo da circunferencia  $360^\circ$ .
- É unha das catro partes nas que pode quedar dividida a circunferencia, ten un ángulo de  $45^\circ$ . Sumando os catro obteremos o ángulo completo da circunferencia  $180^\circ$ .
- É aquel ángulo que é maior de  $180^\circ$
- É unha semirecta que divide un ángulo en dúas partes iguais e que ten a súa orixe no vértice.
- É a porción de recta comprendida entre dous puntos e que ten unha lonxitude determinada. Répresentase con letras maiúsculas nos seus dous extremos.
- Son instrumentos axeitados para o debuxo técnico. Empregámos sobre todo a escadra e o cartabón. As dúas plantillas teñen forma de triángulo rectángulo. A escadra ten un triángulo Isósceles e o cartabón un triángulo escaleno.
- Son instrumentos axeitados para o debuxo técnico. Empregámos sobre todo a escadra e o cartabón. As dúas plantillas teñen forma de triángulo equilátero. A escadra ten un triángulo agudo e o cartabón un triángulo obtuso.

2) **DEBUXAR O MODELO PROPOSTO, AXUDÁNDOTE COA CADRÍCULA ADXUNTA:** Deberás empregar o paralelismo con escadra e cartabón e colorear e regrosar a composición final.

**Puntuación Máxima: 3 puntos**



3) DEBUXA A FIGURA POLIGONAL PROPOSTA.  
EMPREGA COMPÁS, ESCADRA E CARTABÓN.

A figura é un octógono estrelado no cadrado base que se proporciona. Colorea a composición. Respeta todos os trazados auxiliares que te permiten chegar á solución final.

**Puntuación Máxima: 3 puntos**

